

Unidade 12. Presenta un espectáculo

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

PEDRO (Algo vacilante e confuso).—Papá.

PAI.—Dime; Pedro...

PEDRO.—Debes asinar no caderno.

PAI.—Que caderno?

PEDRO.—O de notas.Fixemos un ditado no colexio.

PAI.—Déixame ver... Humm... Cantas marcas vermellas. Paréceme que cometiches moitos erros...

PEDRO.—A culpa é do hache. Nunca sei cando hai que polo e cando non. Díxenlle á mestra que o hache ese tomouna comigo, sempre fai que me trabuque (comeza a choromicar); eu non sei quen inventou o hache. Non poderían quitalo? Xa hai moitas cousas no abecedario, moitas letras... (Chora): está o B, está o V, o S, o X... e tamén o hache... Por iso puxéronme un catro... Un catro saquei... E agora vas ti e bérrasme... (chora desesperadamente).

PAI.—Veña, Pedro. Vas chorar así por un catro? Un homiño coma ti? Un catro pódelle tocar

a calquera...: tamén eu, cando ía ao colexio...

PEDRO.—Ti tamén facías erros? Errabas co hache?

PAI.—Todos cometemos erros cando estamos aprendendo a escribir. Non se pode saber todo de súpeto...

PEDRO.—Así que non estás anoxado?

PAI.—Non estou o que se di contento, se iso é o que queres saber. Pero penso que deberías estar máis atento a próxima vez.

PEDRO.—Xa non farei máis erros!

PAI.—É posible que sigas a ter algunha falta... O importante é facer cada vez menos. Ademais, sabes como di o refrán?

PEDRO.—Si, papá: o tempo é ouro...

PAI.—Anda, que ten que ver o ouro aquí...! O refrán di...escóitame ben: Do erro apréndese.

PEDRO (Consolado e alegre).—De veras papá? Do erro?

PAI.—Así é: do erro. E seca esas bágoas.

(Pedro, consolado e reanimado polas verbas do pai, corre ao seu cuarto a facer os deberes).

PEDRO.—O meu pai é bo. Meu pai non me gritou.

(Pedro tamén comete sempre algún erro en aritmética).

PEDRO.—Dez máis dez... Pois eu seino, está chupado: dez máis dez, vinte... Vinte máis un... Vaia é cousa de risa: vinte máis un, vinte e un... Que exercicio tan fácil, estou seguro de que non farei nin un erro... Nin un erro... E entón?

Como dixo papá? Do erro apréndese... Así que para aprender hai que trabucarse... Se non cometo ningún erro, non aprendo nada. E eu quero aprender. Quero aprender todo... Agarda, agarda... Dous máis dous... dá catro, xa o sei. Pero se non me equivoco non aprendo... Así que escribo un fermoso cinco... Xa está: dous máis dous igual a cinco. Así está ben, así aprendo...

Gianni RODARI

Xogos de fantasía


Tambre

A tarde, porque adoita ser a parte do día en que os nenos fan os deberes.

• Que personaxes interveñen?

Pedro e mais o seu pai.

2 Ordena a historia.



1 Contesta.

• Onde transcorre a acción?

Na casa de Pedro.

• Que momento do día pode ser?
Por que?

O pai de Pedro recoméndalle que poña máis atención para non cometer tantos erros.

Pedro comezou a cometer erros, de maneira intencionada, nas contas de sumar para aprender.

Pedro vai o seu cuarto animado polas palabras do seu fillo.

Pedro desespérase porque sempre se trabuca co hache.

O pai, a través dun refrán, intenta facerlle entender a Pedro que hai que fixarse nos erros para aprender deles.

Pedro chora e o seu pai consóloa.

3 Escribe tras adxectivos que lle poidas aplicar a cada un dos personaxes.

Resposta libre

4 No texto aparece o refrán: «*Do erro apréndese*». Que significa?

O refrán Do erro apréndese quere dicir que para aprender a facer algo hai que facelo moitas veces e así ir aprendendo a evitar os erros.

5 Escribe un exemplo no que se use este refrán.

Resposta libre

Unidade 12. Presenta un espectáculo

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Coñecemento da lingua

1 Une elementos e forma refráns.

O que se ergue tarde	→	tolle o viño e non dá pan.
O que non ten que facer	→	o mal vén voando.
Marzo amola	→	sacha os nabos antes de nacer.
A chuvia de San Xoán	→	nin oe misa nin come carne.
O ben vén andando	→	e abril esfolo.

2 Cal é o significado destas frases feitas?

- Mirar con bos ollos.

Mirar con agrado a algo ou alguén

- Mirar de esguello.

Mirar en sentido oblicuo

- Botar escuma pola boca.

Anoxarse e comezar a dicir palabras en expresións contra de algo ou alguén.

- Botar leña ao lume.

Provocarlle a quen está anoxado ou pasándoo mal un estado de malestar ou anoxo aínda maior.

- Botar unha man.

Axudar a quen está realizando algunha empresa.

- Botar terra a algo.

Ignorar algo

3 Escolle o significado axeitado para o modismo seguinte.

«Nin arre nin xo».

valentía

descoñecemento

medo

valor

indecisión

amor

Indecisión

- Agora escribe unha oración el.

Resposta libre

2 Contesta

- Que che parecen os foros?

Resposta libre

- Participas moito neles?

Resposta libre

- Cres que son útiles para ti?

Resposta libre

- Escribe varios temas dos que se podería falar nun foro.

Resposta libre

